

XIX DÚATLON CIDADE DE SANTIAGO
CLASIFICATORIO
CAMPIONATO GALEGO DE DÚATLON 2022
“CIRCUÍTO MOZO” SUPERSPRINT

19 DE MARZO



REGULAMENTO DA PROBA

ORGANIZA:

Triatlón Inforhouse Santiago
Concello de Santiago
Federación Galega de Triatlón e PM.

club@triatloninforhousesantiago.com

DATOS DEPORTIVOS DA PROBA:

A proba rexeráse polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e Federación Española de Triatlón e contemplará o protocolo preventivo COVID19 vixente na FEGATRI.

[Regulamentos 2022 FETRI/FEGATRI](#)

[Protocolo Preventivo FISICOVID DXT FEGATRI](#)

DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN:

19 de Marzo do 2022

Estadio Municipal Verónica Boquete, Sán Lázaro- Santiago de Compostela

42°52'58"N, 8°30'58"W

HORARIOS:

Entrega de dorsais 13:15-16:00

Acreditación e recollida de dorsais - (COVID19) será obrigatorio identificarse con licenza ou DNI, NIE, pasaporte, presentar a certificación de pauta completa de vacinación ou PCR/Test antixenos negativo e entregar o documento de responsabilidade individual cuberto.

Haberá cronometraxe con chip, cada participante recollerao co seu dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.

PROBA	CONTROL MATERIAL	SAÍDA
SUPERSPRINT- CIRCUÍTO MOZO MASCULINA	13:30-14:20	14:30
SUPERSPRINT- CIRCUÍTO MOZO FEMININA	13:30-14:20	14:35
Masculina sen corte	14:30-15:20	15:30
Masculina con corte 58 min para completar ciclismo/T2	16:15-17:05	17:15
Feminina 1 h 35 Tempo de meta para clasificarse	16:15-17:05	17:30

Entrega de premios ao remate de cada carreira (Horas estimadas- 15:15 Mozo/ 19:30 Sprint)

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da súa saída.



CIRCUÍTOS:

PROBA	CARREIRA A PÉ		CICLISMO		CARREIRA A PÉ	
Supersprint	2 km	1 Volta	7 km	2 Voltas	1 km	1 Volta
Masculina	5 km	2 Voltas	18,5 km	3 Voltas	2,5 km	1 Volta
Feminina	5 km	2 Voltas	18,5 km	3 Voltas	2,5 km	1 Volta

INSCRICIÓN:

(Dende o 4 de marzo ás 10:00 h. ata o 15 de marzo ás 23:59) - Probas con dereitos de circuíto e con límite de inscritos e prioridade a deportistas con licenza galega ou pertencentes a un club con dereitos de circuíto galego aboados.

▪ Supersprint – Circuíto Mozo- Participantes con licenza galega de triatlón ou.

Limitada a 150 participantes.

Reserva proporcional a licenzas por categoría e xénero: 23 CDF, 60 CDM, 15 JVf, 28 JVM 8 JNF, 16 JNM.

A reserva de prazas anterior estará activa ata as 10.00 do 8 de marzo de 2022. A partir desta data, poderán ser ocupadas por calquera categoría e xénero deste circuíto ata completar o límite de prazas.
Prezo: Gratuíta

▪ Clasificadorio circuíto galego Dúatlon Estrada – (Proba con dereitos de circuíto)

Saída sen corte - Limitada a 150 participantes

Saída Masculina + Feminina - Limitada a 150 participantes. Resérvanse 75 prazas para cada xénero ata o 8 de marzo. A partir do 9 de marzo as prazas serán outorgadas por orde de inscrición a calquera xénero ata completar límite de inscrición.

Prezo: **18 €** - xuvenís gratuíta

Límite tempo para clasificación Cpto. Galego 1h.35 minutos na saída feminina.

Tempo de corte “saída masculina con corte”.- para completar o 2º sector ciclismo: 0:58 h. O participante que o supere non poderá saír á carreira a pé.

PAZOS DE INSCRICIÓN

Dende o 4 de marzo ás 10:00 h. ata o 15 de marzo ás 23:59 ou ata completar prazas.

Circuíto Mozo Supersprint-

- Do 4 de marzo ao 8 de marzo. Reserva de prazas
- Do 9 de marzo ao 15 de marzo- inscrición libre ata o límite establecido.

Circuíto Dúatlon de Estrada (M/F)- Só deportistas/clubs con dereitos de circuíto aboados.

- Do 4 de marzo ao 15 de marzo ou ata completar prazas.
- 16 de marzo “se comunicarán las invitaciones concedidas a deportistas de otras comunidades, si han quedado plazas vacantes, dando plazo hasta las 14:00 h. para formalizar la inscripción.”

PROCEDEMENTO



A. Deportistas

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Inscricións](#)

Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

B. Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en COMPETICIÓN/Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

C. *Deportistas federados con licenzas de outra comunidade que non hayan abonado derechos de circuíto.*

Dados los límites establecidos la inscripción será prioritaria para los deportistas con licencia gallega de circuíto o que pertencen a clubs con licencia gallega de circuítos. De cara a facilitar la participación esporádica de deportistas de outras comunidades, recogada en nuestros reglamentos, en caso de quedar plazas deberán seguir el procedimiento detallado: Enviar el formulario de solicitud de invitación que pueden descargar de nuestra web a continuación indicamos el enlace <http://fegatri.org/wp-content/uploads/2013/04/solciitude-invitation-corredores-outras-comunidade1.pdf>. Una vez que la Federación autoriza la participación el/la deportista procederá a la formalización de la inscripción a través de la plataforma y abonará la cuota con tarjeta a través del TPV. Si hubiesen abonado los derechos de circuíto se inscribirán directamente. El 16 de marzo, si han quedado plazas vacantes, se comunicarán las invitaciones concedidas a deportistas de otras comunidades al correo electrónico de la solicitud, dando plazo hasta las 14:00 h. para formalizar la inscripción.

BAIXAS E DEVOLUCIÓN

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE INSCRITOS

Lista provisional. O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista, ...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Lista definitiva. O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios)

LISTA DE AGARDA

Esgotadas as prazas en calquera das carreiras, abrírase unha lista de espera que se xestionará diariamente segundo se indica a continuación.

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, de acordo ao presente regulamento, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á



participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14:00 h. do mesmo día. A última incorporación será feita o 16 de marzo ás 14:00h.

PREMIOS:

Proba Supersprint- Circuito Mozo

Medallas para os tres primeiros das categorías cadete, xuvenil, junior, femininas e masculinos.

Trofeo para os tres primeiros clubs do circuito mozo.

Probos do Circuito Galego de Dúatlon de Estrada

Premios económicos para os ganadores da proba feminina e masculina:

- 1º clasificados feminina e masculino 150,00 €
- 2º clasificados feminina e masculino 100,00 €
- 3º clasificados feminina e masculino 50,00 €
- 1º Club masculino e feminino 200,00 €

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15 % en concepto de I.R.P.F.

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría: Xuvenil, Junior, Sub23, Veterano 1, 2 e 3 femininas e masculinos.

*"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono". * Exención covid-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar ao Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro.*


NORMATIVA DA COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega e Española de Tríatlon. <http://fegatri.org/federacion/estatutos/regulamentos/>



PLANOS PROBA SUPERSPRINT:

1º Sector: Carreira a pé: 1 volta (2 km). Circuito asfaltado de 2 Km ao que se lle dará 1 volta.




2º Sector: Bicicleta: enlaces + 2 voltas (7 km)

Trátase dun circuito de ida e volta de 3,4 km ao que se lle dan 2 voltas, discorre pola estrada entre o Estadio Municipal Verónica Boquete e a glorieta previa ao alto do Monte do Gozo.

VISTA XERAL



3º Sector: Carreira a pé: 1 volta (1 km)



PLANOS PROBAS CIRCUÍTO GALEGO:

1º Sector: Carreira a pé: 2 voltas (5 km)


Consistirá nun circuío de 2.5 km ao que se lle darán dúas voltas, o circuío é o mesmo das edicións anteriores e transcorre polo aparcadoiro do Estadio segundo plano anexo.



2º Sector: Bicicleta: 3 voltas (18,5 km)

Trátase dun circuío de ida e volta de 6,6 km ao que se lle dan 3 voltas, que discorre pola estrada entre o Estadio Municipal Vero Boquete San Lázaro e o alto do Monte do Gozo. Presenta un desnivel importante cunha ascensión de 2,5 km en cada volta cunha rampa de máis de 500 metros ao 10% de desnivel.

VISTA XERAL



VISTA DA SAÍDA E RETORNO



3º Sector: Carreira a pé: 1 volta (2,5Km)

Daráselle unha soa volta ao mesmo circuíto empregado no primeiro segmento.



NORMATIVA XERAL:

Segundo se recolle no protocolo COVID-19 de aplicación á proba, citado neste regulamento, é de obrigado cumprimento para todas as persoas da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersonal de 1,5 m en todo momento, antes, durante e despois da práctica deportiva.
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Infórmase aos deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

Segundo se recolle regulamentariamente, incumplir, en calquera momento, as normativas de seguridade do protocolo preventivo COVID-19 por parte de calquera deportista levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción, e de descalificación á segunda.

ACREDITACIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS:

Para acreditarse, os/as deportistas deberán presentar, ademais do DNI ou documento oficial con foto, a certificación de ter a pauta completa de vacinación COVID, ou ben unha certificación negativa dun test COVID de antíxenos ou PCR que deberán ter realizado entre 72 e 24 horas antes da saída.

Poderán establecer tramos horarios de recollida ordenados por dorsal, que serán publicados na reunión técnica online, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.

PROCEDEMENTO NAS SAÍDAS:

Dez minutos antes do comezo da saída, os e as deportistas iranse ordenando na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade e a máscara colocada, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo llo vaian indicando os oficiais. Unha vez nos caixóns de pre-saída, cando os/s oficiais de saída así o indiquen, os/as participantes poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto.

CHEGADA A META:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

GARDARROUPA E VESTIARIOS:

Haberá servizo de gardarroupa seguindo as medidas protocolarias establecidas, pero non haberá vestiarios.

AVITUALLAMENTOS:

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de post-meta. Procedemento de avituallamento segundo se recolle no protocolo COVID-19 da FEGATRI.

REUNIÓN TÉCNICA:

Publicarase online o xoves antes da proba, na páxina web da FEGATRI, con toda aquela información técnica que afecte á competición.

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do mesmo.



PATROCINAN:

Inforhouse. Patrocinador principal do club organizador. Concello de Santiago, Secretaría Xeral para o Deporte, Fundación Deporte Galego, Abanca e Deputación da Coruña.

COLABORAN:

Diseño Compostela Arquitectura, Family Van, Fisioterapia Monteagudos, Frutas Nano, Instalaciones Cepa, Mario Joyeros, M&M Ópticos, Motoclub Compostela, Quintena Riveira, Siso Dental, Train2Go, Viajes Sierra, Protección Civil e Policía Local.

